

AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN

CURSO 2010/2011

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) DO CONCELLO DE CERVO

1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto da convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar a aquelas familias que polas súas condicións socioeconómicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados da adquisición de libros e material escolar.

Polo tanto, o obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de libros de texto e material escolar de alumnas/os matriculadas/os no 2º ciclo de Educación Infantil nos centros escolares públicos do Concello de Cervo.

2. BENEFICIARIAS/OS

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

- a. A unidade familiar deberá estar empadroada e ter residencia efectiva permanente no Concello de Cervo
- b. Convivir, nesa unidade familiar, as/os alumnas/os para as/os que se solicita as axudas

- c. Ter fillas/os cursando estudos no nivel de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos nalgún dos centros educativos públicos do municipio cervense, para o curso 2010-2011
- d. Non superar os ingresos económicos fixados no baremo destas bases (expresado no punto 3º referente ós criterios de valoración)
- e. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e/ou Estatal, así como da Seguridade Social
- f. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Cervo

No caso de unidades familiares que teñan aberto expediente no Departamento municipal de Servizos Sociais e que non reúnan os requisitos para solicitar as axudas, queda aberta a posibilidade da súa concesión segundo a valoración das profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais para aqueles casos que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social ou da educadora familiar do Concello, co visto e praxe da Concelleira de Asuntos Sociais, e o cumprimento por parte das/os usuarias/os dos obxectivos fixados na intervención sociofamiliar realizada pola profesional correspondente (traballadora social ou educadora familiar).

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas ante o Concello de Cervo:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar para os cursos nos que se acredite a matriculación
- b. Adquirir os libros e material escolar nun establecemento comercial do municipio cervense
- c. Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións
- d. Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

3. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para proceder á adxudicación das axudas aplicarase o seguinte baremo:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior ó IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples): neste caso subvencionarase con 130 € para cada alumno/a beneficiario/a
- Renda per cápita familiar entre o 100% do IPREM e o 150% do IPREM: neste caso subvencionarase con 100 € para cada alumno/a beneficiario/a

A contía anual do IPREM para o ano 2010 é de 6.390,13 € segundo a Lei 26/2009, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2010 (Disposición adicional decimonovena)(BOE nº 309 do 24/12/2009).

No suposto de que unha vez efectuada a avaliación das solicitudes se supere o límite máximo da subvención (4.000 €), procederase a retirar aquelas solicitudes cuxas rendas sexan máis elevadas, ata o límite do crédito máximo establecido.

a. RENDA PER CÁPITA FAMILIAR

Enténdese por renda per cápita familiar a suma da renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ó 33% ou os que estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

Nesta convocatoria terase en conta o exercicio fiscal do ano 2009 para os efectos de determinar a renda per cápita familiar dos solicitantes.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. En ningún caso incluírá os saldos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes a exercicios anteriores ó que se computa. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda en 2009, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os importes dos recadros 455

(base imponible xeral) e 465 (base imponible do aforro) da declaración.

b. DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

A efectos destas axudas, considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección da/o menor, así como as/os fillas/os solteiras/os menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.

Tamén se computarán como membros da unidade familiar as/os fillas/os de 25 anos ou máis de idade cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial e/ou valorados como dependentes, que teñan a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores e que dependan economicamente dos solicitantes.

En casos especiais, nos que a unidade familiar non estea conformada do xeito establecido neste punto, a comisión avaliadora poderá requirirle á persoa solicitante a achega da documentación xustificativa que se considere oportuna en cada caso.

4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

A partida orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 422.48916 “Axudas para a escolarización”, cun crédito máximo aprobado de 4.000 €.

A contía das axudas para libros e material escolar quedarán fixadas de acordo co seguinte baremo, sempre e cando sexan xustificadas como gasto realizado:

<i>Renda per cápita familiar (anual)</i>		<i>Contía da axuda</i>
Igual ou inferior ó IPREM	Ata 6.390,13 €	130 €/alumno
Do 100% ó 150% do IPREM	De 6.390,13 a 9.585,10 €	100 €/alumno

5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola persoa interesada (pai/nai/titor legal) segundo o modelo oficial. A presentación de dita solicitude comportará a autorización ó órgano

xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI de tódolos membros da unidade familiar maiores de idade
- 2) Fotocopia do libro de familia
- 3) Declaración da Renda correspondente ó exercicio 2009 de tódolos membros computables da familia maiores de idade que obtiveran ingresos de calquera natureza (no caso de non tela presentado, certificación do Nivel de Renda en IRPF do 2009)
- 4) Factura de compra/presuposto dos libros e material escolar dun establecemento comercial do municipio (de ser o caso)
- 5) Nos casos de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar computables, certificado emitido polo organismo oficial correspondente

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes e a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral da Casa do Concello en Cervo.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto do 1 ó 31 de xullo de 2010.

7. PUBLICIDADE

A presente convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e mediante bandos de Alcaldía en lugares que garantan o seu coñecemento por parte das persoas interesadas.

8. PROCEDEMENTO

a. INSTRUCCIÓN E ÓRGANO INSTRUCTOR

O órgano competente para a instrucción do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a Concelleira Delegada de Educación. O órgano

instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal dos/as solicitantes para a concesión das axudas.

Si na instrucción fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos/as interesados/as ou si non se achega toda a documentación requirida para solicitar estas axudas, notificaráselle a estes a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de dez días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes e/ou a documentación requirida. Á vista das alegacións e/ou documentación presentadas, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ó parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

b. COMISIÓN AVALIADORA

A Comisión Avaliadora estará composta polas Concelleiras Delegadas de Educación, Cultura e Asuntos Sociais. A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión ó Alcalde-Presidente a través do órgano instructor na que se concretará individualmente para cada beneficiario/a o resultado da avaliación realizada.

c. RESOLUCIÓN

O órgano competente para a concesión das axudas será o Alcalde-Presidente, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2010, e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser

posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante cheque bancario, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do beneficiario, aboaráselle ó establecemento subministrador do material escolar.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social ou da educadora familiar do Concello, co visto e prace da Concelleira de Asuntos Sociais.

Cervo, 31 de maio de 2010

Visto e prace
A CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN

A EDUCADORA FAMILIAR

Asdo.: Yolanda Pedreira Cruz

Asdo.: Sandra Casas Vila